

**COMUNICADO Nº 243/23**  
**20 DE SETEMBRO DE 2023**

**NORMAS DE ACCESO AO INTERIOR DA PISTA PARA FOTÓGRAFOS E CÁMARAS  
DE TV NO CAMPIONATO GALEGO DE KARTING 2023**

O promotor do Campionato Galego de Karting accede a acreditación e acceso ao anel interior dos circuitos que conforman o calendario autonómico sempre e cando se sigan unhas normas que a continuación se detallan.

O feito de non respectar todas e cada unha delas suporá a expulsión do trazado por parte do organizador e a posible retirada da acreditación durante o resto do certame autonómico.

Normas de obrigado cumprimento:

1. Estar en posesión da acreditación permanente da Federación Galega de Automobilismo na tempada 2023.
2. Encher o formulario de acreditación que estará habilitado no apartado da proba na páxina web da Federación Galega de Automobilismo ([www.fga.es](http://www.fga.es)).
3. Acudir ao briefing obrigatorio que se celebrará o domingo ás 09:00 horas con Sergio Ruiz e nas que se detallarán os puntos de acceso os de fotografía (comunicaranse durante o briefing) e as normas a seguir.
4. Estará completamente prohibido moverse dos postos asignados durante as mangas e haberá que consultar cos comisarios o momento preciso para moverse dun a outro.
5. O promotor do certame poderá anular algún dos puntos no caso de considerar que é demasiado perigoso.
6. O número do chaleco situado nas costas deberá ser sempre visible, polo que

non se poderá ter a mochila posta durante as mangas cronometradas.

7. O acceso ao paddock será libre aínda que o acceso ao interior das asistencias deberá contar coa autorización dos propietarios dos equipos.
8. Calquera falta de respecto aos comisarios da proba ou aos integrantes do campionato suporá a expulsión inmediata do trazado.
9. A zona exterior do circuito é de libre tránsito.
10. Non perder nunca de vista os karts e xamáis realizar fotografías de xeonllos ou de costas a competición.
11. Evitar na medida do posible a realización de fotografías que poidan ser de contido sensible.